

As outras palabras

É para min unha inmensa ledicia volvernós xuntar nesta Casa (dos Poetas) as/os participantes do obradoiro de creación literaria Facer poesía en Celanova, organizado, ao abeiro da AELG, hai agora un ano.

Participantes (Camila, Andreia, Mónica, Castor, David e eu mesmo -xunto coa complicidade plástica de Baldo Ramos-) que chegamos a dar ao prelo un fermoso volume, de edición limitada, titulado *Facer poesía en Celanova*. Grazas ao patrocinio da Imprenta Celanova e mais do propio concello. Volume do que xa se esgotou a edición no que se recollía todo o material traballado no dito obradoiro.

Pois ben, aí foi, logo, onde coñecín a Andreia Costas, unha alumna desbordante de enerxía creativa, que me deixou tamén abraiado ao saber que se inscribira no curso e asistía a el vindo dende Vigo ou A Cañiza.

E digo isto de alumna non por outra cousa máis ca polo feito de que ela, dende un principio, sempre se dirixiu a min alcumándome cun inmerecido título de 'mestre poeta'.

Esta, como se define 'suaba galega, subida ao interraíl da utopía' -crisol da mestizaxe de culturas, a nosa propia e mais a alemá- xa, dende o primeiro intre, ceibou a súa contaxiosa e efusiva paixón literaria en diversos espazos desta vila e, en especial, entre as paredes desta Casa dos/das Poetas que agora nos acolle.

Quero agora empezar a sinalar unha característica (talvez inadvertida aínda) da obra literaria desta autora, que é a da alteridade. Consistente en cambiar de pel, mais non como unha mascarada camaleónica, senón, precisamente, todo ao contrario, en pórse no pelexo da outra.

En procurar, a través desa referida alteridade, identificarse con quen padece o desvalimento, en quen sofre acotío. Evidente con repararmos xa nos propios títulos por ela dados ao prelo: *Corazón de vaca e outras vísceras* e agora *Magnolia punk e outras arritmias*.

De aí ese espírito rebelde, agresivo, inconformista e transgresor caracterizador da actitude *punk*, da que, por certo, eiquí en Celanova sabemos moito, dende Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro ou Xosé Luís Méndez Ferrín, por só citar os poetas de nome máis coñecido.

Así, dende a complicidade e o infortunio das "Historias de mulleres que comparten chisqueiro" xa Andreia deixaba ouvir a súa voz -poética- solidaria nas páxinas do referido *Facer poesía en Celanova*: "As sereas esquecen cantos,/aprenden matemáticas/de proxenetas e autos; que restan/a pasaxe de migrantes/na beirarrúa/a naufragar".

Xa que logo, como indica ao comezo mesmo deste poemario que hoxe presentamos "Podo educar a emoción,/o pensamento e a náusea/pero non quero/controlar/a cautela na palabra" nin tampouco "aburrir a morte/con eufemismos".

Valéndose, como non, da ironía para abdicar da excesiva tecnificación a que conduce o progreso do capitalismo: "O país era tan eficiente/que ninguén limpaba as bágoas sen parabrisas".

E, contra a sangría do éxodo, apelar á propia tradición e á consciencia: "Cando leo Rosalía/non sei se son filla/ou son nai;/ou se onte non será igual que mañá/ e seguir marchando".

Porque ben podía acontecer que o espellismo da procura cosmopolita deviñese na inconsciencia. De aí o oportuno de lembrar Auschwitz: "Abafo no tren da infancia/ao me saber morena/nun transporte de gando".

Por iso é tan importante a liberdade, a rebeldía, a afouteza, que expresa a voz poética: "matei a Sherezade" e "o rouge vermello/de amazona/decórame as fazulas".

Se ben, entre tanta dureza ambiental é preciso rescatar, apreixarmos as fendas que escoan a tenrura: "Cóntame da chave de ferro oxidada/que abre o teu corazón de pedra".

Benvida, outra volta, Andreia, a Celanova, a esta espiral de luz que é Casa dos Poetas.

A handwritten signature, possibly 'Ana', is written over a large, loopy oval. Below the signature, the date '30/09/2013' is written in a cursive script.